

## Acta da Xunta de Escola ordinaria do 16 de decembro de 2020

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 16/12/2020
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 16/12/2020
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Documentación relativa ao Plan de Calidade:
  - a. R1-DE02 P1 Panel de indicadores
  - b. R1-PE01 P1 Identificación das necesidades de PAS do centro
  - c. R2-PE01 P1 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro
  - d. R3-PE02 P1 Listaxe de accións formativas derivadas das necesidades detectadas

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, celebrada o día 12 de novembro de 2020.**

O borrador da acta enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión; esta será publicada na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola de acceso libre:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

- 2. Informe da Directora.**

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

### 3. Aprobación, se procede, de informes sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios de docencia.

A Directora amosa as solicitudes recibidas de informe para recoñecemento de quinquenio de docencia. Así mesmo, comenta que se comprobou que nos períodos solicitados non consta ningunha incidencia rexistrada para ningunha das persoas solicitantes polo que propón emitir informe favorable para todas elas.

NOME	ÁREA	DEPARTAMENTO	PERÍODO
Ana Belén Moldes Mendiña	Enxeñaría química	Enxeñaría Química	27/07/2015 ao 26/07/2020
Ángel Manuel Espada Seoane	Enxeñaría de sistemas e automática	Enxeñaría de Sistemas e Automática	17/10/2015 ao 16/10/2020
Eduardo Liz Marzán	Matemática aplicada	Matemática Aplicada II	12/11/2015 ao 11/11/2020
Elena Alonso Prieto	Explotación de minas	Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente	10/11/2015 ao 09/11/2020
Francisco Javier Deive Herva	Enxeñaría química	Enxeñaría Química	01/09/2020 ao 07/12/2020
Gonzalo Méndez Martínez	Xeodinámica externa	Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio	11/06/2015 ao 10/06/2020
Jorge Carlos Morán González	Máquinas e motores térmicos	Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos	01/01/2016 ao 31/12/2020
José M. Canosa Saa	Enxeñaría química	Enxeñaría Química	13/08/2015 ao 12/08/2020
Andrés Augusto Nogueiras Meléndez	Tecnoloxía electrónica	Tecnoloxía Electrónica	22/11/2015 ao 23/11/2020
Pablo Izquierdo Belmonte	Enxeñaría mecánica	Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos	01/09/2011 ao 31/08/2012

A Xunta de Escola aproba por asentimento emitir informe favorable sobre a actividade docente para todas as solicitudes recibidas.

### 4. Aprobación, se procede, de outra documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Directora comenta que na comisión de Calidade do 16 de decembro se aprobaron os seguintes rexistros de calidade:

- R1-DE02 P1 Panel de indicadores

- **R1-PE01 P1 Identificación das necesidades de PAS do centro**
- **R2-PE01 P1 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro**
- **R3-PE02 P1 Listaxe de accións formativas derivadas das necesidades detectadas**

A continuación comenta os principais aspectos de cada un deles.

En relación ao Panel de indicadores lembra que, como xa se comentou na anterior sesión da xunta de centro, na revisión da política e obxectivos de calidade propúxose a inclusión de dous indicadores novos específicos do centro (nivel 3):

- *I04(2)-AC Porcentaxe de mulleres matriculadas en novo ingreso na titulación.* Só requiriría a desagregación por sexos dun indicador xa dispoñible no Portal de Transparencia (I04-AC).
- *I07(2)-DO Valoración agregada da organización e desenvolvemento das materias TGF e TFM* requiriría a introdución dalgunha pregunta nas enquisas de satisfacción ás persoas egresadas ou, se non fora posible, a elaboración dunha enquisa propia (no marco do procedemento MC-05).

Sinala que xa se rematou a redacción das fichas e da solicitude dos indicadores, e as comenta brevemente. Aclara que na Área de Calidade non ven problema en incorporar as preguntas relativas ás materias TFG/TFM nas enquisas xerais para todos os centros.

A Directora sinala que os documentos correspondentes aos rexistros relativos ao PAS foron elaborados por Ana Cacheiro, Administradora do ámbito, e os comenta brevemente.

En relación á Listaxe de accións formativas para o PDI a Directora comenta que o centro non ten capacidade para seleccionar profesorado para os graos (si para as titulacións de máster), nin para a formación do PDI, pero pode propola. Lembra que a dirección enviou un e-mail solicitando ao profesorado que comunicara as súas necesidades. A proposta de accións formativas elaborouse recollendo as respostas recibidas. A continuación comenta brevemente o documento e propón delegar na dirección do centro elaboración das fichas concretas de cada actividade.

Benito Vázquez pregunta se a actividade de formación se faría na escola. A Directora aclara que o centro traslada a listaxe solicitando que se dea resposta as necesidades do centro, pero non necesariamente a actividade ten que realizase nas instalacións do centro. Comenta que, ademais, xa está operativa a *Escola Aberta de Formación Permanente*, dependente da Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado, na que se integrarán todas as actividades formativas. Parece que neste curso vaise cambiar o procedemento para adaptalo a este novo plantexamento.

A Xunta de Escola aproba por asentimento todos os rexistros.

A Directora agradece a Guillermo García o traballo realizado en calidade de Coordinador de Calidade da Escola.

## 5. Rogos e preguntas.

Javier Vijande pregunta como se vai controlar o cumprimento dos horarios de titorías. A Directora responde o que recolle a normativa e di que haberá que estudar se é necesario habilitar algún procedemento de control pero, en principio, a idea é continuar como ata agora e intervir soamente no caso de reclamación (queixa por parte do alumnado respecto algún incumprimento, etc.) ou no caso de que se tiña constancia de incumprimentos por parte do profesorado.

Javier Vijande comenta que a pizarra do laboratorio M219 (Física) non se pode borrar. A Directora responde que se buscará unha solución.

A Directora felicita o Nadal a todas as persoas presentes e deséxalles un bo 2021; tamén informa de que en breve estará dispoñible o calendario do ano 2021 para os membros da comunidade universitaria do centro.

Se máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 20 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a dezaseis de decembro de dous mil vinte.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

## **ANEXO I**

**Convocatoria de Xunta de Escola do 16/12/2020**



## ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 16/12/2020

## ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 16/12/2020

### Persoal Docente e Investigador

1. Alejano Monge, Leandro
2. Alonso Prieto, Elena
3. Araújo Fernández, María
4. Deive Herva, Francisco Javier
5. Eguía Oller, Pablo
6. Feijoo Lorenzo, Andrés Elías
7. García Bastante, Fernando
8. García Lomba, Guillermo
9. Liz Marzán, Eduardo
10. Mandado Vázquez, Alfonso Modesto
11. Pérez Pérez, M<sup>a</sup> Carmen
12. Pozo Antonio, José Santiago
13. Rivas Brea, Teresa
14. Rodríguez Liñares, Leandro
15. Rodríguez Rodríguez, Ana María
16. Saavedra González, Ángeles
17. Taboada Castro, Javier
18. Vázquez Dorriño, José Benito
19. Vijande López, Javier

### Alumnado

20. Alonso Rodríguez, Noelia
21. Domínguez Blanco, Santiago
22. Filgueira Sánchez, Carmen
23. Montenegro Vázquez, Iván
24. Parente Artime, Belén
25. Santorum Ruíz, Héctor

### Persoal de Administración e Servizos

26. Romo Pérez, M<sup>a</sup> del Carmen

### Desculparon a súa ausencia:

- Patiño Vilas, David
- Villanueva Torres, Daniel



## ANEXO III

### Informe da Directora

## ANEXO IV

### Documentación relativa ao Plan de Calidade:

- a. R1-DE02 P1 Panel de indicadores
- b. R1-PE01 P1 Identificación das necesidades de PAS do centro
- c. R2-PE01 P1 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro
- d. R3-PE02 P1 Listaxe de accións formativas derivadas das necesidades detectadas